



RESOLUCIÓN DO 04 DE DECEMBRO DE 2013 POLA QUE SE CONVOCA UN CURSO DE MARIÑEIRO PESCADOR NA MODALIDADE DE TELEFORMACIÓN. ESTA ACTIVIDADE ESTÁ COFINANCIADA POLO FONDO SOCIAL EUROPEO (FSE), NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO FSE DE GALICIA 2007-2013, EIXE 3 E TEMA PRIORITARIO 72, CUNHA TAXA DE COFINANCIAMENTO DO 80%

#### ANTECEDENTES

O día 2 de decembro de 2013 saíu publicado na "Aula virtual" da páxina web da Consellería do Medio Rural e Mar URL:[http://www.medioruralemar.xunta.es/mar/investigacion\\_e\\_formacion/formacion/](http://www.medioruralemar.xunta.es/mar/investigacion_e_formacion/formacion/) a Resolución do 29 de novembro de 2013 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se establece a modalidade de teleformación para á obtención da titulación profesional náutico-pesqueira de mariñeiro pescador.

Polo tanto, esta dirección xeral procede a convocatoria dun curso de mariñeiro pescador na modalidade de teleformación para aquelas persoas interesadas en dito curso.

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS

- Os Reais decretos 4189/1982, de 29 de decembro, 1283/1987 de 2 de outubro, 1378/1997 de 29 de agosto e 1749/1999 de 19 de novembro, ao abeiro das normas constitucionais, estatutarias e legais correspondentes, que traspasa á Comunidade Autónoma de Galicia funcións e servizos da Administración do Estado en materia de ensinanzas profesionais náutico-pesqueiras
- Decreto 46/2012, do 19 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Mar, e do Fondo Galego de Garantía Agraria, no seu artigo 17, indica que a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro exercerá a dirección e coordinación das atribucións que ten asumidas a consellería en materia de ensino e titulacións náutico-pesqueiras
- Real Decreto 1519/2007, do 16 de novembro, establece os coñecementos e requisitos mínimos para exercer a actividade profesional de mariñeiro en buques de pesca
- A Orde do 26 de setembro de 2008, pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a obtención das titulacións de mariñeiro pescador, patrón local de pesca e patrón costeiro polivalente na Comunidade Autónoma de Galicia. Na disposición derradeira primeira desta orde faculta á Dirección Xeral de Innovación e Desenvolvemento Pesqueiro (actual Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro) para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta
- Orden do 28 de novembro de 2007, que regula a composición dos tribunais para a obtención de titulacións marítimo-pesqueiras e náutico-deportivas e a derogación de determinados preceptos das ordes do 30 de xullo e 8 de setembro de 1998
- Resolución do 29 de novembro de 2013 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se establece a modalidade de teleformación para á obtención da titulación profesional náutico-pesqueira de mariñeiro pescador. Esta actividade está cofinanciada polo Fondo Social Europeo (FSE), no marco do programa operativo FSE de Galicia 2007-2013, eixe 3 e tema prioritario 72, cunha taxa de cofinanciamento do 80%



- É unha actividade elixible e financiable dentro do marco do Programa Operativo GALICIA 2007-2013, polo que está suxeita ao Regulamento (CE) núm. 846/2009, da Comisión, de 1 de setembro de 2009, que modifica o Regulamento (CE) núm. 1828/2006, polo que se fixan normas de desenvolvemento para o Regulamento (CE) núm. 1083/2006 do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión, e o Regulamento (CE) núm. 1080/2006 do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional

De acordo con todo o indicado, esta dirección xeral RESOLVE:

Autorizar un curso de **mariñeiro pescador na modalidade de teleformación** que será titorizado por persoal pertencente a Consellería do Medio Rural e do Mar.

**Primeiro.** O curso de teleformación de mariñeiro pescador ten unha duración de 50 horas. As datas de prematrícula, matrícula e do curso, así como o número de prazas son as seguintes:

**Datas de prematrícula:** do 05 ao 10 de decembro de 2013

**Datas de matrícula:** do 11 ao 20 de decembro de 2013

A relación de admitidos/as será a establecida en función da hora e do día da matrícula. Asimesmo, terán preferencia as persoas solicitantes que non estén matriculados nun curso dos impartidos nos centros de formación marítimo-pesqueiros dependentes da Consellería do Medio Rural e do Mar.

No caso de que a persoa participante non obteña praza neste curso pasará a formar parte dunha lista de reserva e poderá obter unha praza no caso de que produza algunha baixa das persoas admitidas a realizar o curso, por rigoroso orde a partir do último admitido.

**Datas do curso:** do 03 de febreiro ao 07 de marzo de 2014

**Número de prazas:** 40

**Segundo.** As características da modalidade de teleformación para obter a titulación profesional náutico pesqueira de mariñeiro pescador, as condicións de acceso ao curso, os prazos e a documentación para formalizar a matrícula e o modelo de solicitude, son as establecidas na Resolución do 29 de novembro de 2013 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se establece a modalidade de teleformación para á obtención da titulación profesional náutico-pesqueira de mariñeiro pescador.

A referida resolución está colgada na páxina de formación da Consellería do Medio Rural e do Mar:  
URL:[http://www.medioruralemar.xunta.es/mar/investigacion\\_e\\_formacion/formacion/](http://www.medioruralemar.xunta.es/mar/investigacion_e_formacion/formacion/)

**Terceiro.** Rematado o curso de teleformación se realizará un exame que terá lugar no Instituto Galego de Formación en Acuicultura (IGAF) na Illa de Arousa.

Asimesmo, tal como establece a Resolución do 29 de novembro de 2013 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, será necesario superar unha proba de natación o mesmo día do exame para poder presentarse ao exame final.

A información sobre o día e a hora para facer a proba de natación e o exame final publicarase no enlace "Aula virtual" da páxina web da Consellería do Medio Rural e do Mar  
URL:[http://www.medioruralemar.xunta.es/mar/investigacion\\_e\\_formacion/formacion/](http://www.medioruralemar.xunta.es/mar/investigacion_e_formacion/formacion/)

**Cuarto.** Rematado o exame teórico-práctico, o/a secretario/a do tribunal publicará na páxina web de teleformación desta consellería e no taboleiro de anuncios da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, unha copia do exame e a folla coas respostas correctas co fin de que as persoas interesadas poidan comprobar os seus resultados.



Unha vez corrixidos os exames teórico-prácticos, o tribunal fará públicas na paxina web de teleformación e no taboleiro de anuncios da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, as listas provisionais das cualificacións.

As persoas interesadas disporán dun prazo de 10 días hábiles para formular reclamacións contra as cualificacións provisionais que irán dirixidas ao tribunal.

Unha vez resoltas as reclamacións presentadas, o/a presidente/a do tribunal ditará unha resolución coa lista dos/as aspirantes que superaron as probas teórico-prácticas. Esta resolución será publicada no taboleiro de anuncios dos centros de formación de Vigo, Ribeira, Ferrol e A Illa de Arousa, así como na páxina web da Consellería do Medio Rural e do Mar.

Contra a resolución do/a presidente/a do tribunal as persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada perante a directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da publicación da listaxe definitiva coas cualificacións obtidas polos/as aspirantes.

**Quinto.** As persoas que aproben o exame seralles emitida a correspondente certificación acreditativa para a solicitude da tarxeta profesional.

**Sexto.** Contra a presente resolución poderán os/as interesados/as interpor recurso de alzada perante o Secretario Xeral do Mar, no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte ao da súa publicación na páxina de formación da Consellería do Medio Rural e do Mar.

Santiago de Compostela, 4 de decembro de 2013

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro



Susana Rodríguez Carballo